

**19OUT/2018**

# **LUGARES COMÚNS**

PARA A EDUCACIÓN E O AUDIOVISUAL

**Centro Cívico Cidade Vella / A Coruña**

**EDUCACIÓN 3.0 E AUDIOVISUAL**

**II ENCONTRO DE DOCENTES DE AUDIOVISUAL**

CO APOIO DE



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



COA COLABORACIÓN DE

**AGAPI**

ASOCIACION GALEGA DE PRODUCORAS INDEPENDENTES



LUGARES COMÚNS PARA A EDUCACIÓN E O AUDIOVISUAL nace como un espazo para favorecer o diálogo entre o audiovisual e outras disciplinas, que facilite a posta en marcha de iniciativas transformadoras.

Atravesamos unha etapa de cambios no modelo educativo. As novas tecnoloxías forman xa parte activa dos procesos de ensino-aprendizaxe en numerosos centros. Neste escenario, o papel do sector audiovisual dista de ser o desexado, xa que se atopa inmerso nun panorama con múltiples posibilidades metodolóxicas, no que, non obstante, resulta complicado detectar os retos que estas plantexan na educación.

Moitas empresas do sector albergan a tecnoloxía e os coñecementos para ofrecer solucións aos retos que se plantexan neste contexto, pero descoñecen as necesidades reais de contidos.

Establecer lugares comúns nos que valorar o papel que xogan os distintos axentes (produtoras, docentes, profesionais do sector audiovisual) é complexo a priori; por iso as xornadas parten do diálogo e a reflexión, procuran a identificación de problemas e de posibles solucións, así como a construción de sinerxias.

LUGARES COMÚNS PARA A EDUCACIÓN E O AUDIOVISUAL quere establecer un diálogo para poder transmitir coñecementos e experiencias que podan ser de aplicación e utilidade á hora de materializar novos proxectos.



## Estrutura

A xornada contará con dúas sesións diferenciadas: a de mañá, organizada pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración con AGAPI-Asociación Galega de Produtoras Independentes. Baixo o título '**Educación 3.0 e audiovisual**' parte do compromiso de posicionar ao sector audiovisual como un aliado á hora de xerar contidos educativos e procesos metodolóxicos anovadores.

As ponencias manterán un esquema de presentacións de 15 minutos seguidas dun diálogo coas persoas asistentes. Uxía Caride, xerente de AGAPI, será a persoa encargada de presentar e moderar os relatorios.

A sesión de tarde retoma as conclusións do primeiro encontro entre docentes de primaria, secundaria e bacharelato implicados no ensino e promoción da cultura audiovisual en Galicia, celebrado o pasado 27 de abril. O 'II Encontro de docentes de audiovisual' poñerá en común as conclusións dos grupos de traballo, desenvolvendo estratexias, metodoloxías e ferramentas que apoiem a súa labor actual.

O encontro, exclusivo para docentes e socias e socios da Academia Galega do Audiovisual, constituirá un diálogo aberto entre os asistentes, no que se darán a coñecer as achegas dos tres grupos de traballo (Repositorio de traballos, Cultura Audiovisual I e II e Audiovisual como Ferramenta Transversal) xurdidos do primeiro encontro.





### Beneficiarios

As xornadas están dirixidas principalmente a docentes e traballadores do sector audiovisual, pero tamén presentan interese para estudantes, profesionais e calquera persoa interesada nas posibilidades educativas do medio audiovisual.

### Data e lugar de celebración

19 de Outubro 2018 no Centro Cívico Cidade Vella de A Coruña



# EDUCACIÓN 3.0 E AUDIOVISUAL

EN COLABORACIÓN CON AGAPI

O obxectivo desta sesión é establecer un punto de encontro entre docentes e produtores, co fin de intercambiar pareceres, problemas e posibles solucións.

Dirixida a: Docentes, produtores, estudantes e público xeral  
Modera: Uxía Caride

**10:45 CHEGADA DE ASISTENTES E BENVIDA**

**11:00-11:45 INNOVACIÓN AUDIOVISUAL COMO SOLUCIÓN  
DOCENTE**

Relatorios a cargo de produtoras audiovisuais que realizan contidos educativos empregando novos formatos, con posibles aplicacións nos centros de ensino.

**Interveñen:**

**José Antonio Velo**, de Astragalo Studio unha produtora cunha ampla traxectoria en publicidade, TV, postproducción, marketing e deseño 2D e 3D (presentación de 15 minutos)

**Mercedes Marcos**, de Asubío Media empresa especializada en creación de contidos para canles de YouTube, destinados a público infantil e xuvenil (presentación de 15 minutos)

Quenda de preguntas de 15 minutos



# EDUCACIÓN 3.0 E AUDIOVISUAL

EN COLABORACIÓN CON AGAPI

## 11:45-12:30 O VIDEOXOGO COMO FERRAMENTA EDUCATIVA

Relatorios sobre as posibilidades didácticas dos videoxogos e sobre as experiencias xurdidas a partir da súa incorporación nas aulas.

### Interveñen:

**Luz Castro** fundadora de Imaxin Software, unha das empresas tecnolóxicas máis veteranas de Galicia, experta en gamificación e desenvolvemento de videoxogos (presentación de 15 minutos)

**Silvia López**, Doutora en Pedagogía coa tese Análise descriptiva e interpretativa do deseño e contido dos videoxogos elaborados en Galicia e socia fundadora de DIMElab, spin-off do Grupo de Investigación Stellae da USC (presentación de 15 minutos)

Quenda de preguntas de 15 minutos

## 12:45-13:30 AS TIC AO SERVIZO DA EDUCACIÓN. NECESIDADES DOCENTES

Dúas iniciativas galegas que traballan impulsando e visibilizando a integración das TIC no currículo educativo, presentando tendencias e casos de éxito.

### Interveñen:

**María José Arrojo** presenta as conclusións de Proyecta, unha iniciativa da Fundación Amancio Ortega e da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre para impulsar experiencias educativas que aúnan aprendizaxe, creación e tecnoloxía (presentación de 15 minutos)

**Fernando Moreno**, coordinador TIC do centro, presentará o proxecto Ponte dos Brozos, unha das iniciativas pioneiras de alfabetización TIC levadas a cabo na nosa comunidade, , financiada polo Concello de Arteixo a través de Arteixo Innovación (presentación de 15 minutos)

Quenda de preguntas de 15 minutos



# II ENCONTRO DOCENTES DE AUDIOVISUAL

Segunda sesión organizada desde a Academia Galega do Audiovisual para impulsar un proceso participativo e de diálogo aberto entre os principais axentes implicados no ensino audiovisual en centros galegos, exclusivo para docentes.

Dirixida a: Docentes participantes nos grupos de traballo xurdidos no encontro do 27 de abril

O horario desta sesión será de 17:00 a 20:00 horas.



### Inscripción

A inscrición como asistente para xornada “Educación 3.0 e audiovisual” é gratuíta, enviando un correo a [produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal](mailto:produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal) indicando nome, apelidos e o motivo polo que se desexa asistir.

A inscrición como ouvinte para o “II Encontro de docentes de audiovisual” está aberta soamente ás socias e socios da Academia Galega do Audiovisual, é gratuíta enviando un correo a [produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal](mailto:produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal) indicando nome, apelidos e o motivo polo que se desexa asistir.

O prazo para ámbalas inscricións estará aberto dende o 24 de setembro ata o 17 de outubro.



# Academia Galega do Audiovisual

Praza Pintor Sotomayor 1, 2º  
15001 A Coruña  
Teléfono 981 227 701  
Correo [info@academiagalegadoaudiovisual.gal](mailto:info@academiagalegadoaudiovisual.gal)